

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 8 DE FEBREIRO DE 2024

Ás 10:45 horas do día 8 de febreiro de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 5 de febreiro de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Fernando González Abeijón, representante do PP
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
- D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
- D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
- D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Bombeiros (asiste aos puntos 2a e 6a)
- D. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2b e 3a)
- D. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 2c e 3b)
- D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2d e 3c)
- D. Fernando Carballo Villar, director de Réxime Interior de Vigozoo (asiste aos puntos 5a e 6b)
- D. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste aos puntos 5b e 6c)
- D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste ao punto 6d)
- D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 11a e 11b)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador. Presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a ITURRI, S.A, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de xaneiro de 2024, o 29 do mesmo mes, concedeuse un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. UTE AVIO-INTEGRA GALICIA (AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A. (50 %) - INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA S.L. (50 %)). En concreto debía presentar:
 - Novo DEUC de INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA S.L., asinado dixitalmente polo seu representante, no que aclarase se cumpría ou non todos os criterios de selección. No DEUC presentado indicaba que non os cumpría pero non se facilita información específica sobre a parte que si cumpría.
2. UTE SAMYL - INAMA (SAMYL FACILITY SERVICES, S.L. (70 %) - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U. (30 %)).
 - En concreto, resultaba necesaria a emenda da documentación de INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U. porque se detectou que a persoa asinante do DEUC e do Anexo II do PCAP non coincide coa persoa identificada como representante no DEUC. En consecuencia, requíriuse a INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U. para que aclarase cal era a persoa representante desta empresa, e presenta o DEUC e o Anexo II do PCAP asinado pola persoa así identificada.

Dos anteriores, ambos licitadores, presentaron documentación en prazo e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. UTE AVIO-INTEGRA GALICIA (AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A. (50 %) -



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA S.L. (50 %)

2. UTE SAMYL – INAMA (SAMYL FACILITY SERVICES, S.L. (70 %) - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U. (30 %))

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 25 de xaneiro de 2024, o 29 do mesmo mes, concedeuse un prazo de tres días a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. para que emendase a documentación persoal. En concreto debía presentar un novo DEUC, asinado dixitalmente polo seu representante legal, debidamente cumprimentado, xa que no presentado, na parte III.c, dentro do apartado "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral", non se respondía á pregunta "¿Se encuentra el operador económico en quiebra?"

O licitador presenta a documentación requirida en prazo e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 1 de febreiro de 2024, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO ,S.L. para que emendase a documentación persoal. En concreto debía presentar novo Anexo II do PCAP, no que indicara se se comprometía ou non adscribir os medios persoais esixidos no apartado 5.F do Anexo I -FEC- do PCAP.

O licitador presenta a documentación requirida en prazo e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento a BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO ,S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

e) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106) (emenda de documentación)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 1 de febreiro de 2024, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN ,S.L. para que emendasen a documentación persoal. En concreto deberá presentar un novo DEUC no que dea resposta, na Parte IV "Criterios de selección" á pregunta, "a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección - Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos. Indique la respuesta", xa que no DEUC presentado non figura a devandita pregunta e, polo tanto, tampouco a resposta á mesma.

O licitador presentou a documentación requirida en prazo e logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón, admitir neste procedemento a PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN ,S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3. Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos plans



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



de autoprotección e coordinación de actividades empresariais preventivas de seguridade e saúde para as campañas do nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027 (9394-106)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoológico de Vigozoo (12186-612)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, entrégase o informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo o 5 de febreiro de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" e o informe do mesmo asinante de data 6 de febreiro que corrixe o anterior ao existir un erro matemático. Este último informe é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía, o 2 de febreiro de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo (sen IVE)	Incremento do prazo de garantía (anos)	Reposta en caso de avarías (horas/días)	Compromiso de realizar un mantemento preventivo por un período de 2 anos (Frecuencia 6 meses/ano)
1	ITURRI, S.A.	1.114.980,00 €	0 anos	Menos de 24 horas calquera día do ano.	Por un período de 2 anos cunha frecuencia de 6 meses

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Prezo do contrato (sen IVE)	Incremento do prazo de garantía (anos)	Reposta en caso de avarías (horas/días)	Compromiso de realizar un mantemento preventivo por un período de 2 anos (Frecuencia 6 meses/ano)	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	75,00	10,00	10,00	5,00	100,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ITURRI, S.A.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que no apartado 5 das FEC (Anexo I do PCAP) para a acreditación da solvencia técnica, ademais do establecido na cláusula 8.8.3º establécese que é necesario aportar:
 - Certificado actualizado de conformidade da produción en vigor da Unidade Certificadora do Automóbil (UCA) emitido polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ou equivalente.
 - Certificado acreditativo que permita comprobar que o propio licitador dispón



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



dun Sistema de Calidade e Medio Ambiente oficialmente recoñecido cando menos para ou deseño, fabricación e o servizo de mantemento de vehículos contra incendios. ISO 9001 e 14001, ou equivalente.

2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigoo (12186-612)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato (sen IVE)
1	EULEN, S.A.	197.649,77 €

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Prezo do contrato sen IVE
1	EULEN, S.A.	70,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (20,00 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	EULEN, S.A.	20,00	70,00	90,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EULEN, S.A.	90,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de agasallos e placas conmemorativas para actos institucionais do Concello de Vigo (19840-101)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- Lote I

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G da FEC
1	Carlos Fernandez Pol	4 %
2	Eurocebian S.L.	29,5 %

- Lote II

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollido no apartado 3G da FEC
1	Carlos Fernandez Pol	1 %

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



d) Procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (43010-220) (emenda documentación)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe emitido pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación de data 1 de febreiro de 2024 sobre a documentación esixida no sobre C "Proposición avaliable a través de fórmula" no que se indica que "Revisada a documentación presentada polas dúas empresas presentadas, constátase que a oferta presentada pola licitadora GRUPO GALEJOBS S.L.U. non se achega a documentación acreditativa determinada no punto 7.B) das FEC ("CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN- B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA")."

A Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, dar traslado do referido informe a GRUPO GALEJOBS S.L.U. e concederlle un prazo de 3 días para que poida emendar a documentación presentada no Sobre C.

11. Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese que o 12 de xaneiro de 2024 notificouse o acordo da Mesa de Contratación do 22 de decembro de 2023 que, non habendo emendando a documentación requirida pola Mesa de Contratación os licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes III, IV, V, VI, VII e XII, requiriuse a documentación prevista no artigo 150 LCSP aos licitadores clasificados en segundo lugar que son os seguintes:

1. IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III)
2. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII)
3. SARARTE, S.L. (Lotes V e XII)

Tras a análise da documentación presentada polos licitadores e, tendo en conta o informe sobre a acreditación dos medios persoais asinada pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, en data 5 de febreiro de 2024, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, conceder un prazo de 3 días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:

1. **SARARTE, S.L.** En concreto deberá presentar:
 - a) Para o Lote V:
 - Medios persoais: documentación acreditativa do cumprimento polo docente proposto, da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da FAMILIA PROFESIONAL EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL (EOC) OU MADERA, MOBLE E CORCHO (MAMA) xa que, da documentación presentada non se pode comprobar a efectiva impartición dese mínimo de horas nos últimos 6 anos.
 - b) Para o Lote XII:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Medios persoais: documentación acreditativa do cumprimento polo docente proposto, da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, accións formativas da formación profesional para o emprego na FAMILIA PROFESIONAL FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. ÁREA PROFESIONAL: ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS (FCOA), xa que, da documentación presentada non se pode comprobar a efectiva impartición dese mínimo de horas nos últimos 6 anos.

2. **FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.** En concreto deberá presentar:

a) Para o Lote VI:

- Medios persoais: documentación acreditativa da efectiva impartición polo docente proposto de 200 horas, nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, isto é, FAMILIA PROFESIONAL: á FAMILIA PROFESIONAL: INSTALACIÓN E MANTEMENTO, xa que a documentación presentada so se comproba a autorización e homologación do docente proposto en diversos cursos impartidos na Comunidade Autónoma de Andalucía correspondentes á FAMILIA PROFESIONAL: INSTALACIÓN E MANTEMENTO. ÁREA PROFESIONAL: INSTALACIÓN (IMAI), sen acreditar a experiencia do docente na impartición dos mesmos.

b) Procedemento aberto de servizos de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos Centros Municipais de Distrito (CMDs) e a prestación dos servizos técnicos e de mantemento do equipamento audiovisual e maquinaria escénica e de seguridade, do auditorio do Centro Municipal de Distritos de Tei (11048-320)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2) o 16 de xaneiro de 2024. Este presentou, dentro do prazo concedido, a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e o/s anexo/s IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

Asemade, comunica que en cumprimento do acordado na sesión do 1 de febreiro de 2024, concedeuse un prazo de 3 días a APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2), para que puidesen emendar a documentación presentada. En concreto, debía presentar a acreditación dos medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato reflectidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP. Durante o prazo concedido o licitador presentou a documentación requirida.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos Centros Municipais de Distrito (CMDs) e a prestación dos servizos técnicos e de mantemento do equipamento audiovisual e maquinaria escénica e de seguridade, do auditorio do Centro Municipal de Distritos de Tei (11048-320)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de setembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación (11048/320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria dos "SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS".

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 09/06/2023 e o prego de cláusulas administrativas de 28 de agosto de 2023, que rexerán a contratación do "SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS".

3º.- Aprobar o gasto de 109.552,32 € para a contratación dos "SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS" con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279905 do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2023, distribuídos do xeito seguinte:

	Ano 2023	Ano 2024	Ano 2025	Aplicación orzamentaria
Lote 1	8.348,51 €	33.394,03 €	25.045,52 €	9240 2279905



Lote 2	5.345,53 €	21.382,12 €	16.036,60 €	9240 2279905
Total	13.694,04 €	54.776,16 €	41.082,12 €	

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 15 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e a xestión de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos na seguinte orde descendente:

- Lote 1:

	Licitador	Puntuación
1	APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L.,	100
2	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	55,31

- Lote 2:

	Licitador	Puntuación
1	APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L.,	100

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2), o día 16 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 22 de xaneiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) no que figura a constitución da empresa e o nomeamento do apoderado, así como a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e as contas anuais dos últimos anos.
- Declaración de vixencia dos datos que figuran no ROLECE.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (23.375,82 €), figuran, no ROLECE, as contas do ano 2022, nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (23.375,82 €), presenta certificación do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no que figuran prestacións realizadas cun importe total, para o ano 2023, superior á cantidade citada
- Resgardos de ingresos dos importes das garantías definitivas do Lote 1 (1.904,40 €) e o Lote 2 (1.695,82 €), figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.
- Declaración xurada acreditativa dos medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato reflectidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 8 de febreiro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 2 de febreiro de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo: días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. (Lotes 1 e 2), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 2 de febreiro de 2024.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión do lote II de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS, S.L. e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. pola Mesa de Contratación na súa sesión do 12 de decembro de 2023 porque os prezos ofertados por estas licitadoras na parte fixa do contrato excede o orzamento base de licitación da parte fixa que é de 10.364,91 €"*
2. *Adxudicar a APLICACIONES DE INFORMATICA AEVIGO, S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto de servizos de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos Centros Municipais de Distrito (CMDs) e a prestación dos servizos técnicos e de mantemento do equipamento audiovisual e maquinaria escénica e de seguridade, do auditorio do Centro Municipal de Distritos de Tei (11048-320) coas seguintes condicións:*

- Lote 1:

- a) *O prezo total do contrato é de 46.086,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.998,48 euros.*
- b) *Propón o seguinte tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros (inferior a 24 horas): MENOR A 1 hora.*

- Lote 2:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- a) O prezo total do contrato é de 41.038,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.122,43 euros.
- b) A parte fixa do contrato é de 8.639,40 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 1.499,40 euros
- c) A parte variable do contrato é de 32.399,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.623,03 euros.
- d) Propón como prezo da parte variable do contrato:
- Da 1ª hora (desprazamento engadido) de asistencia técnica a usuarios/as do auditorio que precisen dun técnico para o uso do equipamento do mesmo en calquera horario sobre o mínimo establecido no apartado 3G destas FEC de: 45 euros (IVE incluído).
 - De cada hora a partires da 1ª (desprazamento engadido) de asistencia técnica a usuarios/as do auditorio que precisen dun técnico para o uso do equipamento do mesmo en calquera horario sobre o mínimo establecido no apartado 3G destas FEC de: 14 euros (IVE incluído).
- e) Propón o seguinte tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): MENOR A 1 hora.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:13	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD45-E7BE84-51C735-AAFF76-CWAXDY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		